

Neste número -

GRATIS A SOCIOS; P.V.P. 100PTS

- EDITORIAL: Os mil ríos do país galego comezan a converterse nas mil cloacas ... página 2
- PLANO FORESTAL página 3
- ESPACIOS: Nova ameaza para o Eume Adeus á PROCESIONARIA
- BICHOS E BOTÁNICA: Primeiras chegadas, lobos, algas mariñas ... página 4
- ESPECIAL "ARROÁS": Varamentos ano 91 páxinas 5 a 8
- O golfiño riscado en Galicia
- DELEGACIÓNS: Ferrol - 91/92 páxinas 9 e 10
- O TABOLEIRO: Asemblea Xeral página 11
- Peche de Celulosas

editorial

Entre outras disposicións sen dúbida importantes para cantos se interesan polo medio natural, a Xunta de Galicia ten preparada para pronto a Lei de Pesca Fluvial, tema de interese onde os haxa, posto que se ten dito repetidamente que os ríos son as veas do Planeta e mentres haxa troitas haberá auga potable.

Galicia, o país dos mil ríos como a denominou Otero Pedrayo, ve varia-la súa fisonomía neste aspecto desde hai algúns anos e non precisamente para ben. Á escasez de pluviosidade súmase o inzamento de especies moi consumidoras de auga, como o eucalipto, así como o aproveitamento dos mananciais. Aínda recoñecendo a existencia tradicional dun certo déficit hídrico, empeza a notarse que este recurso é un ben escaso nunha nación onde sempre sobrou auga. Pero non é só cuestión de cantidade, senón de calidade porque a auga que nos queda, tanto a das cuncas hidráulicas como a do mesmo subsolo comeza a non ser apta para o consumo. Sen previsión de futuro por parte da Administración, coa complicidade e consentimento de alcaldes atentos só ó voto, os mil ríos do país galego comezan a converterse en mil cloacas a ceo aberto. Non estamos a falar soamente dos ríos "importantes" como o Miño, que desde hai anos recibe augas fecais urbanas e industriais de Lugo e Ourense, ou do Sar, que segue contaminado malia a depuradora de Silvouta. O fenómeno é moito máis preocupante por canto que agora mesmo e con subvencións de organismos públicos, como a COTOP, isto é, con cartos de todos, estanse canalizando as augas residuais (non só as dos retretes senón tamén deterxentes, lexías, desaguadoiros decortellos cando non pinturas ou aceites usados de automóbiles) ós pequenos regueiros, os mil e un regueiros, actualmente xa medio secos, da nosa xeografía. Isto, insistimos, é moi grave.

Poñamos dous exemplos concretos: 1º) Concello de Rois, provincia da Coruña: nunha aldea con 72 persoas vénse de instalar unha insuficiente foxa séptica de aproximadamente 1,5 x 1 m² de superficie; a saída conéctase directamente a unha pequena canle fluvial do que se surten polo verán, mesmo para usos domésticos, os habitantes de aldeas situadas augas abaixo. Constructor: o propio concello - nota: un concelleiro vive na aldea e benefíciase directamente da "mellora".

2º) Concello de Dodro, provincia da Coruña: nunha aldea - Vigo - recóllense e canalízanse as augas residuais das vivendas (e os "listos" conectan tamén os desaguadoiros das cortes) directamente ó río Sanlufo. Constructor: o concello. Neste mesmo lugar dous membros da SGHN denunciaron diante de dous organismos públicos, o xulgado de Padrón e a Alcaldía de Dodro, un verquido dunha granxa sen que pasase absolutamente nada. É dicir, cando alguén se interesa, se molesta (o que xa non é habitual), formula unha denuncia dando o seu nome e DNI (e por tanto créase inimidades) e faino en beneficio da colectividade ¿de que serve?

Venía pois en boa hora a lexislación protectora de canles fluviais aínda que sexa en forma de Lei de Pesca. Pero cúmprese despois e fágase cumprir; impóñanse sancións aínda que sexan impopulares e resten votos. Fagan país os políticos en resumo, e deixarán de te-lo desprestixio que hoxe por hoxe teñen as institucións públicas, e merecidamente por certo.



A SGHN é ... unha entidade independente, formada en 1973,

dedicada á investigación, divulgación e protección do medio ambiente galego. Ten ó redor de 1000 socios. ¿E que facemos?

Investigación: censos de aves invernantes, de mamíferos mariños, de vertebrados en xeral (para o Atlas de Vertebrados de Galicia), de insectos ...

Divulgación: voceiros sobre itinerarios naturais e temas como o lobo e os incendios, charlas e cursiños e programas de educación ambiental na escola ...

Protección: un esforzo continuo de denuncias e campañas en contra da destrución vertixinosa que está a sufrilo medio ambiente galego ...

A SGHN forma parte da CODA (a federación estatal de grupos de defensa da natureza) e da Asemblea de Grupos Ecoloxistas e Naturalistas de Galicia. Ten o nº 264/c-000/382 no Rexistro de Asociacións Culturais Galegas e figura no folio nº 11 do Rexistro de Asociacións Protectoras do Medio Ambiente.

Se queres saber máis, estamos na ...

Rúa da Oliveira, 4 - 2º, SANTIAGO (Apdo. 330)

con delegacións en:

A Coruña - Apdo. 825

Ourense - Apdo. 212

Ferrol - MéndezNúñez 11 (Apdo. 356)

Padrón - Apdo. 16

Nota - Apdo.72

Vilagarcía - Apdo. 303

¡FAITE SOCIO! - véxase a contraportada



PASPALLÁS é o boletín bimensual da SGHN, pero as opinións expresadas nel (á parte da editorial) non son necesariamente as da xunta directiva da asociación.

Colaboran neste número: Agustín Alcalde, Marcos Freán Hernández, Jose Luis García Allut, Araceli Hidalgo Cortijo, Guy Norman, Carmiña Noya Rey, Xose Manuel Penas Patiño, e Xose Lois Rey. Gracias tamén ó Servicio de Normalización Lingüística da Universidade de Santiago pola súa desinteresada colaboración.

Impreso en papel reciclado

por Tórculo, Santiago.

Dep.Leg. C 1590/91; I.S.S.N. en trámite.

Nos próximos 40 anos: 3.000 km cadrados co eucalipto;
6.000 km cadrados co piñeiro;
Superficie de Galicia: 29.434 km cadrados
Calcula ... é o 31% do territorio

PLANO FORESTAL

O día 18 de marzo a Consellería de Agricultura da Xunta fixo público o seu Plano Forestal para os próximos 40 anos. Debaterase no parlamento dentro de pouco. Aquí, sen máis comentario, reproducímo-la parte do texto da petición formulada pola Asemblea de Grupos Ecoloxistas e Naturalistas da Galiza ...

"INSTAMOS Á XUNTA DE GALIZA A:

- 1) Modificar o actual proxecto de Plan Forestal de Galiza, de maneira que se contemple un maior papel das especies autóctonas e asimiladas na produción forestal galega.
- 2) Potenciar a investigación conducente á mellora xenética e selección de árbores de calidade das especies autóctonas.
- 3) Iniciar unha campaña de concienciación popular tendente a divulgar os valores das árbores autóctonas e asimiladas.
- 4) Facer de unha vez por todas unha política real de protección dos nosos bosques autóctonos de interese conservativo, controlando as talas masivas e iniciando os pertinentes programas de reforestación e substitución de árbores exóticas."

Pódese conseguir copias da petición da Sociedade ou da AGENG (Apdo.949, Compostela); mentres tanto, ó mellor interesa sabe-lo que opina do asunto Enrique Valero, Subdirector de Medio Ambiente. "A política do eucalipto é unha polémica gastada dabondo; penso que está *démodé*. É do primeiro que se fala e do menos que se entende, e, mire, xa está bastante pasadiño o tema." (Diario 16 de Galicia, 30.3.92).

o ciclo da vida da PROCESIONARIA

Thamatopaea pityocampa

¿Qué se pode facer?

... MÁIS
CAIXAS-NIÑO

... MENOS
MONOCULTIVOS FORESTAIS

① As bolboretas saen das crisálidas en xullo ...

② As bolboretas poñen os seus ovos baixo a corteza das ramas dos piñeiros ...

③ As eirugas saen do ovo en xaneiro/febreiro ... fan o seu niño de seda e comezan a COMER

④ A finais de marzo, despois de 3 mudas, a procesión sae do niño por última vez ...

⑤ As eirugas entérranse e se transforman en crisálida

O fungo *Cordiceps militaris* ataca á crisálida

Se hai moita choiva teñen que quedar-se no niño, onde poden morrer de fame.!

¡PERO QUÍMICOS NON!

espacios: o Eume en perigo

O día 12 de marzo Endesa presentou á Xunta o denominado "Proyecto de ampliación y modernización del Salto del Eume".

"Ampliación", sen embargo, non parece se-la palabra máis exacta: o plano implica a construción dunha central totalmente nova 1 km río arriba da central existente en Ventureira. Trátase do tramo entre Caaveiro e o encoro do Eume, unha parte integral deste espacio natural recoñecido pola Xunta nas Normas Complementarias.

Parece mentira, pero é peir: os directores da empresa mesmo declaraban que o plano comporta vantaxes medioambientais. "El lugar está despoblado y, por su ubicación, no habrá impacto visual," dixeron, mentres que "mejorará el ecosistema fluvial dado que las augas del Eume tendrán mayor calidad biológica".

Pero a proposta de Endesa non é a única ameaza que padecen os bosques do Eume. A apertura de pistas por medio das carballeiras e a implantación do eucalipto proceden a un ritmo frenético. En novembro do ano pasado, por exemplo, o mesmo concello de Monfero abriu unha pista sen rumbo na beira fronte ó mosteiro, esmagando uns 3.000 m² de bosque e a senda idílica que había antes.

Das moitas persoas que están en contra desta destrución, destaca Carlos Vales, xeólogo de Sada que leva anos loitando para a conservación da zona e que agora está a presentar un Plano de Ordenación dos Recursos Naturais, solicitando a declaración dunha Reserva de Biosfera que abrangan non soamente o baixo Eume senón as importantes zonas de bosque que se atopan sobre todo nas beiras sureñas do encoro. A ver se o escoitan antes de que sexa demasiado tarde.

bichos...



PRIMEIRAS OBSERVACIÓNS:

Bubela: 6-3-92 en Roxos, unha parella (observador: Xosé Manuel Penas Patiño)

Andoriña común: 26-2-92 en Rois (observador: alumnos do C.P.Rois)

Cuco común: 17-3-92 en Caldas de Reis (observador: Álvaro Moraña Fontán)

Rula: 21-3-92 en Rois (observador: alumnos do C.P.Rois)

¡Solicitamos citas máis temperás!

Tamén solicitamos, para esta sección en próximos números, detalles de calquera observación recente dun bicho raro: paxaro, lobo, cetáceo, bolboreta, o que sexa. Chama a Augustín (981) 57 10 34.

RULA TURCA


Por parte da Sección de Ornitoloxía (apdo 330, Santiago), interesa coñecer novos datos ('90-'92) da Rula Turca *Streptopelia decaocto* en Galicia, para establecer avances na súa distribución no noso país.

BATIDAS E DECISIÓNS CONTRA OS LOBOS

O pasado mes de febreiro organizouse unha batida na cal un exemplar foi abatido na Serra de Xurés en Marco de Alvare, e outro en Caldán, en Alto de Serra, na estrada de Meira a Ribeira de Piquín. Mentres tanto o Subdirector Xeral de Medio Ambiente Natural informou, nun artigo na revista "Natureza Galega", de que non se aprobaron os 200 millóns solicitados da CEE para o lobo, a pesar da Resolución do Parlamento Europeo en favor da protección desta especie. Os millóns fan destinados sobre todo a un sistema de indemnizacións. Para o oso que visita os Ancares un par de veces ó ano, por outra parte, hai 148 millóns.



Londra



ALGAS MARIÑAS

Hai ó redor de 150 especies de macroalga mariña nas costas galegas, e moitas delas pódense comer - din que a *Laminaria saccharina* (no debuxo), por exemplo, é moi boa tallada e fresca. Búscala nas mareas moi baixas, en fondos areosos baixo costas rochosas e expostas. Tamén cómense a correa, *Chorda filum*, o buche bravo, *Ascophyllum nodosum*, os bochos, *Fucus spiralis* e *F. vesiculosus*, o algazo, *Laminaria hyperborea* ... é unha lista moi longa aínda que, igual que cos cogomelos, non hai tradición de come-las algas en Galicia.

Un bo libro para a identificación deste grupo é a "Guía de las Algas del litoral galego", por I. Bárbara e J. Cremades (Casa das Ciencias, A Coruña, 1987), aínda que pode ser difícil conseguir un exemplar.

Os malos da historia son varias especies invasoras que chegaron, a través de Francia e Inglaterra, coa ostra xaponesa. A *Sargassum muticum* leva uns 5 anos aquí, mentres que a *Undaria pinnatifida*, a *Grateloupia filicina* var. *luxurians*, a *Grateloupia doryphora* e a *Lomentaria hakodatensis* foron atopadas máis recentemente por botánicos do Departamento de Bioloxía Vegetal da Universidade de Santiago. Din que a primeira, a *Undaria*, está en expansión.

A propósito ... se comezas a ser alguívoro/a, pode que che sexa interesante saber que a *Laurencia pinnatifida* se come nalgúns países como picante, mesmo (segundo fontes moito menos fiables) como afrodisíaco...

... e botánica



SECCIÓN
de

Biología MARIÑA

O primeiro número de "Arroás", boletín da Sección de Biología Mariña da SGHN, saíu no ano 1986. A pesar do estado sempre activo desta sección, o boletín tivo unha historia algo máis esporádica, así que se decidiu incorporalo como suplemento de "Paspallás" e de tal feito asegurarlle unha periodicidade regular e divulgación ampla.

Neste número presentámos os datos que coñecemos sobre varamentos de cetáceos, focas e tartarugas mariñas nas costas galegas ó longo do ano 1991. Certamente non é unha lista completa, e a distribución xeográfica dos varamentos (véxase mapa na páx.8) claramente reflecte máis que nada as zonas onde temos máis colaboradores, pero de tódolos feitos pensamos que constitúe un corpo importante de información. Polo cal expresámo-los nosos agradecementos a tódolos nosos colaboradores.

Tamén incluimos un resumo do problema da mortandade do golfinho riscado no Mediterráneo, xa que é evidentemente de especial importancia estar atento á posibilidade de que esta ou outra enfermidade cheguen ás nosas costas. Moitos destes datos proceden do libro "The Mediterranean Striped Dolphin Die-Off" de Greenpeace 1991, do artigo de "Quercus" xullo 91, e do libro "Cetáceos, Focas e Tartarugas Mariñas nas Costas Galegas" de Penas-Patiño e Piñeiro Seage, 1989. Finalmente presentámo-los datos de varamentos desta especie en Galicia ó longo dos últimos 10 anos, coa conclusión de que ata o momento non hai evidencia dunha tendencia significativa, nin positiva nin negativa, no número de varamentos desta especie.

SOBRE A MORTANDADE DO GOLFINHO RISCADO NO MEDITERRÁNEO

O golfinho riscado *Stenella coeruleoalba* Meyen é unha especie que vive normalmente en augas profundas, e non lle gusta frecuenta-las costas. Chega ós 2,7 metros de lonxitude. Ten a aleta dorsal relativamente grande e cor característica debido a unha banda escura procedente do lombo, á altura das costas, en forma de cuña dirixida cara adiante, amais dunha fina banda negra, desde o ollo ata o ano. O dorso é uniformemente negro. Particularmente algúns exemplares mostran unha mancha branca na punta do focinho. Habitualmente brinca sobre as ondas e diante da proa dos barcos, ás veces totalmente fóra da auga. Viaxa xeralmente en grandes manadas de varios centos de individuos. Cría nas augas próximas ás costas ibéricas. En ocasións pode ser visto en asociación co golfinho común *Delphinus delphis* L. Estas dúas especies aparecen como dous dos cetáceos máis abundosos das nosas costas.

No verán de 1990 as costas valencianas e baleares comezaron a recibir decenas de golfinhos riscados moribundos, que de contado morrían. Os meses seguintes a mortandade fixouse máis intensa e estendeuse rapidamente, atopándose exemplares mortos no litoral de Murcia, Andalucía, Cataluña, e chegando ata as costas francesas e italianas. Así mesmo, tamén se detectou a epizootia nas costas de Marrocos e Alxeria, e confirmouse a expansión do proceso ata o océano Atlántico a través de Xibraltar, sendo atopados golfinhos enfermos nas praias de Cádiz e Huelva a principios de 1991. Os días 4 e 5 de novembro de 1991 levouse a cabo en Palma de Mallorca, e baixo a organización de Greenpeace, un congreso no que se presentaron os resultados dunha serie de análises de exemplares do golfinho riscado, levadas a cabo en varios países. Chegouse ás seguintes conclusións:

- nos exemplares varados a partir de 1990 hai unha incidencia moi elevada de encefalite e neumonía, así como certas lesións hepáticas;
- estas enfermidades parecen ter orixe vírica; atopáronse virus de dous grupos, os *morbillivirus* e os *herpesvirus*, e estímase moi probable que o axente patoxénico primario é do primeiro grupo;
- tamén se detectou unha elevada incidencia de diversos parásitos (incluíndo un crustáceo ectoparasítico e un nematodo dos pulmons); esta parasitización parece estar relacionada coa enfermidade;

(continúa na páxina 8)

VARAMENTOS ano 91

CETÁCEOS


Golfiño común	17
Golfiño riscado	1
Delphinidae N.I.	2
Cachalote	1
Caldeirón	5
Toniña	4
Arroaz real	2
Arroaz boto	1
Zifio de Cuvier	1

TARTARUGAS

T. de coiro 2

FOCAS



Foca cincenta 1



LISTADO DE VARAMENTOS

GOLFIÑO COMÚN (*Delphinus delphis*)

código	data	concello (praia)	observador
G191	03/01/91	Cedeira	J. Ignacio
G291	03/01/91	Cedeira	J. Ignacio
G391	01/02/91	Ferrol (Santa Comba)	V. Rivera
G491	08/02/91	O Grove	J. Meis/P. Benavente*
G591	15/02/91	Ferrol (Santa Comba)	J. Ignacio
G691	18/02/91	Ferrol (Doniños)	J. Ignacio
G791	20/02/91	Carballo (Baldaio)	X. Diaz/C. Patiño
G891	26/02/91	Valdoviño	J. Ignacio
G991	01/03/91	Ferrol (Ponzos)	J. Ignacio
G1091	02/03/91	Illa de Arousa	X. L. Rey/L. Romero
G1191	03/03/91	Malpica	A. Bartolome/R. Rojo
G1291	05/03/91	Ferrol (Santa Comba)	J. Ignacio
G1391	11/03/91	Sanxenxo	P. Benavente*
G1491	11/03/91	O Grove	P. Benavente*
G1591	19/03/91	Ferrol (Esmelle)	J. Ignacio
G1691	31/10/91	O Grove	P. Benavente*
G1791	18/12/91	Sanxenxo	J. Besada*



GOLFIÑO RISCADO (*Stenella coerulealba*)

GR191 21/04/91 Ferrol (Segaño) J. Ignacio

DELPHINIDAE NON IDENTIFICADOS

?191 19/02/91 O Grove P. Benavente/J. Meis*
 ?291 15/11/91 Porto do Son (Portosín) J. L. G. Allut




CACHALOTE (*Physeter macrocephalus*)

CH191 04/01/91 Ribeira (Corrubedo) (Prensa)



O GOLFIÑO RISCADO EN GALICIA: VARAMENTOS '82 A '91


En Galicia, onde supoñemos que non chegou a epizootia, a presenza de exemplares varados do golfiño riscado presenta certa constancia, aparecendo algún animal tódolos anos pero en pequenas cantidades como amosa a seguinte gráfica:



É de destacar que en agosto de '84 un grupo de 150 a 200 golfiños riscados tentou varar na praia de Bares (Mañón, A Coruña), sendo devoltos á auga polos bañistas.

CALDEIRÓN (*Globicephala melaena*)

C191	04/02/91	O Grove	P. Benavente
C291	23/02/91	O Grove	X.L. Rey/P. Benavente*
C391	03/03/91	Malpica	A. Bartoleme/R. Rojo
C491	19/12/91	O Grove	P. Benavente*
C591	28/12/91	Ribadeo	D. Martinez Patiño



TONIÑA (*Phocoenaphocoena*)

T191	05/03/91	Ferrol (Santa Comba)	J. Ignacio
T291	02/10/91	Carballo (Baldaio)	C. Penas-Patiño
T391	05/10/91	Carnota	E. Abati/J.L.G. Allut
T491	12/12/91	Portonovo	Sabaris/Besada*




ARROAZREAL (*Tursiops truncatus*)

A191	13/11/91	Ferrol (San Jorge)	J. Ignacio
A291	07/12/91	Vilagarcía	Alcalde/Rey/Brea




ARROAZBOTO (*Grampus griseus*)

B191	18/08/91	Ferrol (Santa Comba)	V. Rivera
------	----------	----------------------	-----------



ZIFIO DE CUVIER (*Ziphius cavirostris*)

Z191	30/01/91	O Grove	P. Benavente*
------	----------	---------	---------------



TARTARUGA DE COIRO (*Dermochelys coriacea*)

TC191	02/09/91	Camariñas (Camelle)	E. Vales Mosquera
TC291	12/11/91	Carifío	J. Ignacio

FOCA CINCENTA (*Halichoerus gripus*)


FC191	26/01/91	Carnota	J.L.G. Allut
-------	----------	---------	--------------

* datos do Colectivo Ecoloxista do Salnés

SOBRE A MORTANDADE DO GOLFIÑO RISCADO NO MEDITERRÁNEO (continúa da páxina 5)

- o contido en lípidos da capa subepidermal dos exemplares atopados foi a metade do que había en anos anteriores;
- atopáronse niveis moi altos de contaminación por PCBs (bifenilos policlorados), mesmo respecto ós por si altos niveis de anos anteriores ó 90;
- estas concentracións elevadas de PCBs poderían ter provocado alteracións no seu sistema inmunitario e así facilitáralas infeccións;

Polo tanto, aínda que o *morbillivirus* parece se-lo axente patoxénico primario, é moi probable que a mortandade fose favorecida por unha serie de factores facilitadores da infección: a contaminación polos PCBs, irregularidades na alimentación, fluctuacións na temperatura das augas, parásitos ...



SECCIÓN DE BIOLOXÍA MARIÑA: LIÑAS DE TRABALLO '92

Actualmente enfocámo-los nosos esforzos en tres principais liñas de traballo -

- 1) O censo de cetáceos, focas e tartarugas que chegan ás nosas costas, obténdose de cada animal unha serie de datos biométricos que valen para coñecer máis a fondo a bioloxía destes animais;
- 2) Estudio das causas de mortalidade, incluíndose o estudio histopatolóxico;
- 3) Recollida de datos fenolóxicos sobre os animais que se observan vivos, desde a costa ou desde barcos: xunto cos datos de varamentos, datos deste tipo axudan a entender se unha especie ten poboacións sedentarias ou migratorias, e a indicar se hai tendencias a longo prazo nas súas poboacións.

COLABORACIÓN: nun próximo número de "Paspallás" ofreceremos unha ficha tipo nova para que colaboredes connosco. Se alguén quere colaborar coa Sección de Bioloxía Mariña máis que no envío de datos, ponte en contacto coa túa delegación ou coa delegación de Santiago. Neste momento estase confeccionando uns carteis que estarán distribuídos por confrarías e concellos por todo o litoral.

delegaciónsdelegaciónsdelegacións

FERROL 91/92

ELECCIÓN DA XUNTA DIRECTIVA LOCAL: Cumprido o período da Xunta anterior, procedeuse en Asemblea Extraordinaria á renovación da mesma. Presentouse unha única candidatura formada por Xavier Sóiñora Gómez, como Delegado, Elisa García Rivas como Secretaria e Jose Mera como Tesoureiro, que foi elixida por unanimidade.

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DA SGHN-FERROL 1992: En liña con anos anteriores existe un programa sobre didáctica da natureza, se ben este ano máis ambicioso. Consiste en dúas exposicións simultáneas e un ciclo de Cursiños de Iniciación á Natureza. As exposicións realízanse na sede da Delegación en Méndez Núñez 11, ocupando os laterais do mesmo un conxunto de exemplares naturalizados de aves, mamíferos e reptís, e unha excelente colección malacolóxica doada por varios socios. A posición central adícase á exposicións monográficas: a actual é sobre Cartografía, como se reseña abaixo. O desexo da Delegación é o de converti-lo local en punto de información e encontro para os interesados na Natureza de Ferrolterra, con especial atención á poboación escolar. Para iso propuxose en xaneiro un convenio ós Concellos da Ría, para que estes subvencionen as visitas de escolares ás exposicións da SGHN. Estas son as seguintes:

Exposición de Cartografía: A Delegación confeccionou unha exposición monográfica sobre Cartografía na que se formulan as dificultades de representación do mundo real e os diferentes xeitos empregados na antigüidade e actualmente. A exposición forma parte da oferta didáctica da Delegación ós escolares e ó público de Ferrol. Os escolares visitantes recibirán unha carpeta con información e actividades a realizar.

Exposición NATUREZA EN FERROLTERRA: A Delegación posúe un bo número de mostras e exemplares naturalizados, o que invita e obriga a exhibir algúns deles na súa. Destaca un esqueleto de golfinho reconstruído e pendurado do teito do local. Está en proceso de montaxe outro exemplar de golfinho doado polo grupo Coturnix, un caparazón de tartaruga laúd e varios modelos en fibra de vidro. Unha boa colección de cunchas de bivalvos e outra de cráneos de vertebrados son algúns dos alicerces para os visitantes da exposición.

CICLO DE INICIACIÓN Á NATUREZA: Patrocinado pola Consellería da Presidencia desenvólvese desde Nadal do 91 a maio do 92. Este ano, xa se celebraron os seguintes cursiños:

15 - 17 Xaneiro: "Aves Invernantes", dispensado polo ornitólogo Xoán Rodríguez Silvar (seguido por unha saída ó campo);

27 - 31 Xaneiro: "Iniciación á Climatoloxía", dispensado polo xeógrafo Francisco Castillo Rodríguez;

5 - 6 Febreiro: "Malacoloxía", dispensado polo biólogo Antonio Scoane (seguido por unha saída ó campo);

5 - 6 Marzo: "Mamíferos Mariños", dispensado por Juan Ignacio Díaz da Silva (seguido por unha saída ó campo).

RECUPERACIÓN DE FAUNA: A Delegación está a actuar como núcleo de acollida de aves e mamíferos feridos, que posteriormente se recollen pola gardería do Centro de Recuperación da Consellería de Agricultura en Oleiros. Os comenzos da temporada de caza marcan un pico no número de animais entregados, pero este non cesa ó longo do ano. A procedencia das aves está tanto en particulares como na propia Policía Local, dado que a actividade é ben coñecida polo público ferrolán.

CAMPAÑA DE PILAS: Máis de douscentos quilos lévanse recollidos desde novembro do 90.

CHARLAS: "As árbores autóctonas de Galicia": a cargo de Xavier Sóiñora Gómez no local da Delegación con grande asistencia de público; en colaboración co Concello de Cabanas, unha charla naturista e un

itinerario no Eume; en colaboración co colexio de Fene, unha charla no colexio de San Valentín. Tamén, en colaboración co Grupo Naturista Coturnix: un ciclo de conferencias naturistas. Dispensáronse as de: "Ría de Ortigueira e Convenio de Ramsar" (X. Rodríguez Silvar), "Vexetación Litoral" (X. Sóiñora Gómez), e "Mamíferos Mariños" (J.I. Díaz da Silva).

Sociedade
Galega
de
Historia
Natural



Ferrol

DENUNCIASE RECURSOS

Recurso ás Zonas Protexidas da COTOP: A Delegación presentou un recurso ó proxecto de zonas protexidas a efectos urbanísticos, proposta pola Consellería de Ordenación de Territorio e Obras Públicas, ante varias eivas graves do mesmo, como protexe-las augas pero non o carrizal da lagoa da Frouxeira (Valdoviño), non incluí-la lagoa de Pantín e outras. As propostas non foron estimadas polo que trala publicación das mesmas no DOGA cursáronse escritos a Alcaldía de Valdoviño e á Xefatura de Costas e á propia COTOP, manifestando a evidente contradicción coa vixente Lei de Costas.

Pizarras Campo: En colaboración co Coturnix remitiuse ó Fiscal Xefe da Coruña as actuacións da empresa Pizarras Campo ó invadir máis de 40.000 m² de mariña (pública, logo) dunha das mellores zonas da Ría de Ortigueira. A demanda foi admitida a trámite estando hoxe *sub iudice*. Posteriores contemporizacións da Xefatura de Costas coa empresa denunciada e o longo período transcorrido fai temer unha dilación nas actuacións, pero a Delegación vai reitera-la súa denuncia por continua-la empresa coas súas actividades.

Recurso ó informe de Impacto Ambiental de Papelga: Ante a eventual ubicación no Río Grande de Xubia, no concello de San Sadurniño (preto de Ferrol), cun informe de impacto ambiental presentado pola propia empresa onde admiten que non sería posible respecta-la estiaxe (caudal estival natural) do río e que verterán ata 900% máis da cantidade permitida dalgunhas sustancias, a Delegación presentou dentro do período regulamentario unha alegación ante o Concello correspondente. Como se sabe, o proxecto permanece "á espera", ameazando unha ría xa ben afectada polas actividades industriais, a pesar da súa riqueza natural.

Constitución da Plataforma pola Defensa da Ría: A SGHN participou na mesma, intento de coordinar ós sectores involucrados na explotación, xestión e conservación da ría de Ferrol. A "Plataforma" vén actuando publicamente desde entón.

delegaciónsdelegaciónsdelegacións

OURENSE

INCENDIOS: A principios de febreiro, continuando co noso seguimento da problemática dos incendios forestais, escribiuse unha carta a Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural en Santiago, solicitándolle coñecer-lo número de hectáreas, por mes e municipio, afectadas por incendios forestais en Galicia durante o ano 1991. Esperámo-la resposta.

¡ZARZUELA EN CASTRELO DO MIÑO! O día 31 de xaneiro mandouse unha carta á Federación Española de Remo en protesta contra o uso do encoro de Castrelo de Miño para os adestramentos do equipo olímpico español de remo. En moi resumidas contas ... este encoro alberga máis do 15% da poboación invernante peninsular do Porrón moñudo, *Aythya fuligula*, e poboacións considerables de aves acuáticas invernantes en xeral; os entrenamentos do equipo leváronse a cabo sen ningún tipo de respecto para a natureza da zona.

O día 11 de febreiro, a Voz de Galicia publica un artigo no cal entrevistan a José Feijóo Villanueva, alcalde de Castrelo de Miño. O alcalde deixa a coñecer que cre que tras a nosa carta á Federación Española de Remo encérrase unha manobra para potencia-lo náutico de Cecebre, na provincia da Coruña, en detrimento do que pretende ubicar no Ribeiro. Aínda non houbo contestación a nosa carta pedindo que o rexedor de Castrelo explicase as súas "intuicións" ante a opinión pública, e que ten que ver a SGHN co proxecto (de Cecebre) que segudo el "se está guisando fai moito tempo e non se dá cocido".


MORCEGOS: Colaboramos coa Sociedad Española para el Estudio y Conservación de los Murciélagos na distribución, a Institutos por toda a provincia, dun lote de material divulgativo sobre este grupo e a súa conservación. O ano pasado interviñemos en defensa das colonias de morcegos (e as dos cirríos) na Ponte Vella de Ourense cidade.

DENUNCIAS E RECURSOS

17-2-92: Presentáronse, ante a Confederación Hidrográfica do Norte en Oviedo, alegacións contra as solicitudes de Hidroeléctrica Ibérica-Iberduero e de Hidro Holding SA (BO da provincia de Ourense) para a concesión de sendos aproveitamentos hidroeléctricos no arroyo Casteligo, término municipal de Chandrexa de Queixa (Ourense). Xa presentamos alegacións en xaneiro do 90, cando Hidro Holding solicitou a concesión eles sos.

27-2-92: Denunciamos ante o Presidente da Deputación Provincial un novo intento para instalar un aeroclube privado nos terreos que a Deputación Provincial de Ourense usufructa na finca Antela. Primeiro, tal instalación sería unha ameaza moi seria para o que queda do excepcional valor ornitolóxico que ten esta zona. Segundo, e como denunciámos anteriormente, a Deputación Provincial non ten dereito a regalarlle estos terreos públicos a unha entidade privada e con fins lucrativos. Terceiro, solicitámo-la cesión da finca para a creación dunha Aula da Natureza e un Centro Experimental de Agricultura Biolóxica, que serían xestionados pola Sociedade Cooperativa Limitada "Braña". Non houbo resposta.

28-2-92 e 20-3-92: Presentáronse sendos escritos ante a Confederación Hidrográfica do Norte en Ourense en continuación da nosa campaña en contra do novo acceso o polideportivo de Allariz, que destruíría unha zona importante de bosques ribeirán.



VILAGARCÍA

UMIA-O GROVE: Mandouse unha nota de prensa en protesta contra as manifestacións aparecidas nos últimos días sobre planos de rehabilita-la pista de aviación existente no Istmo da Lanzada. A parte do seu posible uso por un helicóptero no caso dunha emerxencia, opinamos que a rehabilitación da pista constituiría un forte impacto ambiental. Como se sabe, esta zona está incluída no Convenio Ramsar, e protexida pola lexislación galega. Os terreos en cuestión levan unha vexetación dunar de grande interese, máis son sitio de cría para a **píllara patilnegra** (*Charadrius alexandrinus*), ave dependente das dunas e con só 25-50 parellas reproductoras en Galicia.

RECHEOS ILEGAIS: Presentouse denuncia perante a Fiscalía Provincial de Pontevedra e a Xefatura de Costas sobre uns recheos ilegais producidos por unha empresa fabricante de materiais de construción. Esta empresa ten abertas dilixencias por parte da Fiscalía por mor de distintas denuncias presentadas pola S.G.H.N. desde hai 2 anos.

VERQUIDOS Ó MONTE: A finais de xaneiro, a consecuencia dun incendio nun almacén de pintura e produtos de limpeza, os escombros foron botado no monte de Vilagarcía, en terreos do concello. Ante o claro perigo de contaminación dos acuíferos da zona presentouse un escrito diante o concello, solicitándolle información do tema. Despois de 2 meses aínda non foi contestado.

PISTAS FORESTAIS: Ante a intención do Concello de Vilagarcía de pavimentar unhas pistas forestais no monte de Xiabre, a S.G.H.N. presentou un escrito recomendando que se invirtan estes cartos na limpeza da multitude de vertedeiros ilegais que hai polas cunetas deste monte.

SANTIAGO

Nos meses de xaneiro e febreiro -

CAZA FURTIVA: presentouse unha denuncia diante a Xefatura Provincial de Medio Ambiente Natural de Pontevedra, por caza no espazo protexido da desembocadura do Umia ... un individuo que estaba disparando a todo o que se movía. A Xefatura iniciou un expediente sancionador.


A INSPECCIÓN COSTEIRA DE AVES ABEIRADAS levouse a cabo o derradeiro fin de semana de febreiro. Estamos esperando o envío de datos. Mentres tanto: na zona norte houbo 2 gaivotas chirronas, 8 *Larus argentatus/fuscus* máis 1 corvo mariño real.

VISITA ás marismas do Bao no Grove, coa finalidade de proceder ó anellamento de limícolas. O día foi algo desastroso: ¡só un piro curlibico decidiu ofrecer-la súa colaboración!

ECOPACIFISMO: xunto con ponentes dos grupos ADEGA e XEVALE e do Concello de Oleiros participamos nunha mesa redonda sobre a situación medioambiental en Galicia, parte do "VI Encontro de Educación para a Paz", xornadas en Santiago co tema "Ecopacifismo".

O GRUPO XUVENIL DE ROIS, mentres tanto, realiza as melloras necesarias para poñer en funcionamento un local cedido pola asociación de veciños da localidade. Fronte á igrexa tede-la sede social por tanto. No exterior repuxeron carballos mortos da plantación que realizaron o pasado inverno. Así mesmo participaron na antroidada de Rois coa comparsa denominada "a evolución do home" levando o primeiro premio, éxito que repetiron en Urdilde.

ÁRBORES: en colaboración coa Asociación Cultural Puchelro de Lestrove, e como anunciamos no número pasado, plantamos preto dun centenar de árbores no monte da Comunidade de Veciños desta localidade padronesa. Anteriormente (os días 13 e 14 de febreiro) 2 representantes da Sociedade deron sendas charlas: unha sobre a situación do medio ambiente a nivel mundial (por Nel Rodríguez, Profesor de Filosofía), a outra sobre as Brañas de Dodro (por Xose Manuel Penas-Patiño, Presidente da Sociedade).



NOVOS TÍTULOS NA BIBLIOTECA DE SANTIAGO:

The Mediterranean Striped Dolphin Die-Off: Greenpeace, novembro 1991
 Ecoloxía, Silvicultura e Ordenación do Bosque: Roxelio Pérez Moreira (Consellería de Agricultura, 1991)
 Revistas e boletíns:
 Scientia Maritima (do Instituto de Ciencias do Mar de Barcelona, CSIC), vol. 55 nº 4 e suplemento.
 Carrizal (boletín da asociación naturalista do Baixo Miño, ANABAM), Marzo 92.
 Liquen (revista de la Colla Ecoloxista de Castelló), nº 5, ano 92.
 Gorosti (boletín informativo da Sociedad de Ciencias Naturales Gorosti) nº 6 Feb. 92.

O DOMINGO DÍA 7 DE XUÑO MANIFESTACIÓN O PECHE DEFINITIVO DE CELULOSAS

EN PONTEVEDRA PARA ESIXIR
 CONVOCADA A ASOCIACIÓN PARA A
 DEFENSA DA RÍA DE PONTEVEDRA.
 Máis detalles máis adiante.



Excursión ás Veigas de Limia e Ponteliñares o día 9 de maio.

Fai 20 anos foi a lagoa de Antela e as extensas brañas asociadas, hoxe está drasticamente reducida pola expansión agrícola, super-ameazada. Aquí hai cigoña, rapiña cincuenta, sisón, anduriña zapador, pica papuda, bilurico aliluxado. Interesados pasade polo local de Santiago (Rúa Oliveira nº 4, 2º, de luns a venres de 7'30 a 9'30 do seran), ou chamar a 981-571034. ¡Prazas limitadas! Prezo por persoa 500 pts.

ÚLTIMA HORA ÚLTIMA HORA ÚLTIMA HORA

OUTRA PETICIÓN DA AGENCEN CONTRA DA SUBVENCIÓN PÚBLICA DE CELULOSAS COPIAS DA AGENCEN APDO 949 COMPOSTELA OU DA TÚA DELEGACIÓN DA SOCIEDADE.

EN FERROL, MAIO: CURSIÑO "INICIACIÓN Á BOTÁNICA", DISPENSADO POLO BOTÁNICO XAVIER SÓNORA GÓMEZ: chamar a 35 28 20.

EN SANTIAGO, CURSIÑO DE BOTÁNICA DO 4 Ó 8 DE MAIO NA GALERIA SARGADELOS (RÚA NOVA). APUNTARSE NO LOCAL DE SANTIAGO.

¡FE DE ERROS! ANUNCIAMOS O MES PASADO QUE JUAN PEÑAS QUERERÍA DATOS DE CALQUERA MAMÍFERO MARIÑO - DE FEITO O QUE QUERE SON DATOS DE CETÁCEOS MOI FRESCOS PORQUE JUAN (986 470597) SE DEDICA Á AUTOPSIA.

¡QUERÉMOLOS TÉUS DATOS! SE PAGAS A TÚA COTA PERO NON NOS INFORMAS DO CAMBIO DE VIVENDA etc. NON SABEMOS ONDE ESTÁS. POR FAVOR, MÁNDANO-LOS TÉUS DATOS - NÚMERO DE TELÉFONO E CÓDIGO POSTAL INCLUÍDOS - Ó LOCAL CENTRAL DA SOCIEDADE (APDO.330, SANTIAGO).

GRUPO RÍOS

A todas aquelas persoas interesadas no tema dos ríos (ripi-silva, contaminación, biotas etc.): que se poñan en contacto coa Delegación de Santiago antes do 15 de maio para formar un grupo de traballo. Está aberto a calquera persoa, por moi pequená que poida ser a súa aportación e/ou coñecementos.

ASEMBLEA XERAL

Rematado o prazo de presentación de candidaturas para a elección dos membros da Xunta Directiva da Sociedade, informamos que só presentouse unha única candidatura formada polas mesmas persoas:

para Presidente:	Xose Manuel Penas-Patiño
Vice-Presidente 1:	Xose Lois Rei Muñiz
Vice-Presidente 2:	Xose Manuel Aldrey Vázquez
Secretario:	Carlos Rei Gómez
Tesoreiro:	Manuel Rico Suarez



RECORDAMOS QUE E ASEMBLEA TERÁ LUGAR AS 4 DA TARDE DO DÍA 25 DE ABRIL, SABADO, NO MUSEO DE POBO GALEGO. ¡ESPEREMOS QUE HAXA UNHA ASISTENCIA NUMEROSA!

FICHA DE INSCRICION

... fotocópiala, cúbrela, recórtala e mándala á:
SGHN, Apdo 330, Santiago.

Nome: _____

DNI: _____

Nacido/a en: _____

o día: _____

Enderezo: _____

Profesión: _____

Categoría de socio (A-F): _____

Áreas de interese: _____

CATEGORIAS DE SOCIO

- A: Plenario - 2000 ptas
- B: Infantil (ata 12 anos) - 500 ptas
- C: Xuvenil (ata 18 anos) - 750 ptas
- D: Estudiante - 1200 ptas
- E: Familiar - 3000 ptas
- F: Protector (toda a vida) - 100.000 ptas

DOMICILIACION

Banco / Caixa: _____


Sucursal: _____

Nº de conta: _____

Sr. Director do Banco / Caixa de Aforros:

prégolle admita os recibos que no sucesivo lle remita a Sociedade Galega de Historia Natural, dende a data: _____

Sinatura: _____


¡FAITE SOCIO!

**MANDA: SOCIEDADE GALEGA DE HISTORIA NATURAL,
APDO 330, SANTIAGO.**

<p>PILAS BOTÓN Conteñen mercurio, as máis perigosas: deben entregarse en centros especializados.</p>		<p>ACUMULADORES Son pilas recargables, levan cadmio (tóxico): van tamén a centros especializados.</p>	
<p>GUÍA DE CAMPO DAS PILAS GALEGAS</p>		<p>PILAS SALINAS Son as máis usadas, teñen relativamente pouco contido tóxico: pódense tirar ó lixo.</p>	
<p>PILAS ALCALINAS Levan menos mercurio pero tamén contaminan. A centros especializados.</p>		<p>PILAS "ECOLÓXICAS" Non levan mercurio e contaminan pouco. Poden ir ó caldeiro do lixo.</p>	

PASPALLÁS

Boletín da Sociedade Galega de Historia Natural



COBREGADA

PARQUE NATURAL

IMPRESOS